


ACTIVIDADES 2º EDUCACIÓN PRIMARIA

OS CATRO

Dos meus irmáns, foi sempre Clara a que preferín. Tiña cinco anos menos ca min. Fora unha naipela moi linda, redonda, branca e vermella. O seu cabelo era tan roxo que semellaba branco. Era o espírito máis xentil da familia. Estaba sempre leda: era moi agarimosa, aberta e rebuldeira. Falaba moi asisadamente, e decatábase como unha persoa maior de todo o que acontecía arredor dela.

RICARDO CARVALHO CALERO



2º EDUCACIÓN PRIMARIA

OS CATRO



1.- Cal era a irmá preferida de Ricardo?


2.- Cantos anos menos tiña que Ricardo?

3.- Cando Ricardo tiña nove anos, cantos anos tería Clara?

4.- Xa sabes que unha naipela é unha nena acabada de nacer. Como era Clara de naipela? Arrodeia catro palabras.



LINDA	FORTE	REDONDA	ALTA	MORENA
BRANCA	GROSA	VERMELLA	RÁPIDA	

5.- E como estaba sempre Clara? Pinta.




6.- Como falaba Clara?

7.- Clara estaba sempre leda. Colorea a imaxe que sexa máis acaída, a que mellor a represente.



8.- Saberás ordenar estes debuxos de Clara? Píntaos, recórtalos e pégaos onde lle corresponde.




BEBÉ




NENA



SEÑORA



ANCIÁ



9.- Completa o encrucillado.

			1	F						
2				A						
3				M						
4				I						
5				L						
6				I						
			7	A						



HORIZONTAIS

- 1.- O que forman os pais, os fillos, as fillas, os avós, as avoas...
- 2.- A filla dos meus pais.
- 3.- O fillo do meu tío e tía.
- 4.- Home con fillos.
- 5.- Descendente varón.
- 6.- Muller con fillos.
- 7.- O pai da miña nai é o meu...

1.- FAMILIA 2.- IRMÃ 3.- CURMÃN 4.- PAI 5.- FILLO 6.- NAI 7.- AVÓ

10.- No texto aparece o número 5. Conta de 5 en 5 dende o 200 ao 170.

200						170
-----	--	--	--	--	--	-----

11.- Unha nai ten 28 anos e o seu fillo ten 5. Cantos anos se levan?



--

12.- Indica se as seguintes parellas de sinónimos son correctas. Pon **V** nas correctas e **F** nas incorrectas.

- contenta / leda
- cariñosa / agarimosa
- fraca / gorda
- sensatamente / asisadamente
- alta / baixa
- linda / bonita
- maior / meirande
- lenta / rápida

13.- Fai un debuxo da túa familia e colorea.

